# O antigo Exipto









**Despois de estudar Mesopotamia (ORIENTE MEDIO,ASIA) imos viaxar a Exipto (ÁFRICA)**


Exipto
Mesopotamia



**Exipto está nunha das zonas desérticas e áridas máis extensas do planeta e aínda así acolleu unha das civilizacións máis brillantes e ricas da antigüidade.**

**POR QUE?**



# Polo NILO.

Ao longo do seu curso vai regando unha franxa longa e estreita facéndoa moi fértil

**Os antigos exipcios denominaban ao seu país «terra negra», debido á cor negra do limo levado e depositado pola inundación anual do Nilo que fertilizaba as terras cultivables. Esta era a zona habitada e onde era posible o cultivo dos campos. O resto era "a terra vermella", chamado así pola cor das areas do deserto deshabitado e infecundo.**

Todos os anos  o Nilo desbordábase nas mesmas datas (de xuño a setembro).
Cando a auga se retiraba quedaban os campos cubertos de limo





**Este limo era un barro escuro que fertilizaba o terreo. Así en outubro comezaba o tempo de sementar.**

# Para evitar crecidas catastróficas construíronse diques e canles para almacenar e distribuír as augas







**Ademais  dunha fonte de auga e alimentos o Nilo era para os exipcios a principal vía de comunicación**

**O Nilo tamén dividía o país en dúas metades:  "oriente", e , "occidente".  O sol desaparecía cada atardecer por occidente simbolizando a morte, e nacía cada mañá por oriente simbolizando a vida e a resurrección. Por isto, as cidades e as aldeas dos antiguos exipcios ubicábanse sempre na ribeira este do Nilo; e as necrópoles e os templos funerarios, na ribeira oeste.**



# AS ETAPAS NA HISTORIA DE EXIPTO



# IMPERIO ANTIGO

**Durante a Idade dos Metais formáronse dous grandes reinos:**
**O ALTO EXIPTO (NO VAL)**
**O BAIXO EXIPTO (NO DELTA)**









**Cara o ano 3100 a.C. o rei MENES, rei do alto Exipto unificou os dous reinos e converteuse no**







**PRIMEIRO FARAÓN DE EXIPTO**



# E como se sabe isto?
# Pola paleta de Nemes ( ou Narmer)








**O obxecto ten dúas caras e en cada unha delas aparece o rei portando as dúas coroas.**



A partir deste momento xa os faraóns aparecen coa dobre coroa (aínda que non quita que se sigan representando con unha).

O faraón era considerado un deus e controlaba o poder político e relixioso



**NO IMPERIO ANTIGO SENTÁRONSE AS BASES DO ESTADO E DA SOCIEDADE EXIPCIA**

**No Imperio Antigo ( do 3100 -2050)**
**viviron os faraóns que mandaron contruír as tres grandes pirámides da meseta de Guiza.**



# A GRAN ESFINXE DE GUIZA





# A BARCA DE KEOPS

**O faraón KEOPS mandou contruír a pirámide máis alta do mundo e ordeou que nun dos lados da prirámide onde el descansaría se incluíran cinco barcas solares para poder ir navegando ao outro mundo.**



En 1954 apareceu a primeira e 1987 a segunda

Agora hai dúas restauradas no Gran Museo Exipcio



As outras tres ou se desintegraron ou as roubaron



# IMPERIO MEDIO
# 2050 a.C. - 1580 a.C

**O faraón MENTUHOTEP II inaugurou esta nova etapa en que o poder do faraón aumentou e houbo unha gran expansión territorial**



**Contra o final do Imperio Medio comezou un período de inestabilidade política que propiciou que pobos estranxeiros invadiran Exipto**





**Así, Exipto quedou sometido durante varios séculos a un pobo estranxeiro procedente de ORIENTE que non foron expulsados ata o...**

# IMPERIO NOVO

# ( 1580a.C. - 31a.C)

# PERÍODO DE ESPLENDOR

O territorio séguese expandindo.O faraón RAMSÉS II, que gobernou 60 anos,conquistou parte de Oriente



Estivo casado con NEFERTITI



**Un dos faraóns máis importantes do Imperio Novo foi TUTANKAMÓN.**

**A súa importancia débese ao descubrimento da súa tumba intacta en 1922 polo arqueólogo Howard Carter.**









Cámara Sepulcral
Anexo
Cámara
Corredor
Entrada
Antecámara

A partir do ano 100 a.C diferentes pobos estranxeiros como os persas, gregos e romanos invadiron Exipto e así comezou o seu declive.



**ACTIVIDADES.Copia no teu caderno**

1-Explica como se unificaron os dous reinos de Exipto.

2-Que aportaba o río Nilo aos exipcios?

3-Como cultivaban os campos os exipcios?

3-Cales foron os faraóns máis importantes do Imperio Antigo?

4- Por que foi tan importante Tutankamón?

5-Como comezou a decadencia de Exipto?

6- Quen foi a súa última raíña?

7-Elabora a liña do tempo de Exipto.